

Sumario | nº3 – Xaneiro 2021

**OPINIÓN**

**A comunidade de xestión nos estudos de doutoramento**



**NOVAS**

**Como che vai na túa estadía?**



Que tipo *de tese* se axusta máis aos *meus intereses*



**NOVAS**

**COVID-19. As mans que están detrás do xel das mans**



**NOVAS**

**Xornada informativa sobre cambios no regulamento**



**NOVAS**

**O 4 de febreiro ábrese o prazo do segundo período de admisión**



**NOVAS**

**Bolsas do Centro Nacional de Biotecnoloxía e de La Caixa orientadas a novos talentos investigadores**



**ENTREVISTA**

**Paula Saavedra  
Mercedes Conde**

*R, software libre e de código abierto gratuito para manexar grandes bases de datos e crear gráficos atractivos*



catro cousas

**Cal debería ser o límite de tempo para facer unha tese?**





OPINIÓN

## A comunidade de xestión nos estudos de doutoramento

*«Na xestión do doutoramento participan, en diferentes graos, varios servizos da Universidade, cos que a Escola mantén unha estreita colaboración para levar a cabo o seguemento e avaliación dos/as doutorandos/as»*

Dende a Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS) queremos ofrecer unha imaxe aberta que permita a todos os grupos interesados coñecer o noso papel e os nosos obxectivos para os programas de doutoramento, e este boletín supón un medio perfecto para este fin. A través do cumprimento das responsabilidades da EDIUS, que comprenden a xestión, supervisión e seguimiento dos estudos de doutoramento na nosa Universidade, buscamos concibir un modelo de formación flexible, interdisciplinario e orientado a potenciar as distintas liñas de investigación dos programas de doutoramento da USC, sen deixar a ningúen atrás.

Para acadar estes obxectivos temos que manter un enfoque no que as nosas directrices, marcadas pola normativa e os medios administrativos, teñan en conta o punto de vista de cada un dos colectivos implicados nos estudos de doutoramento. Este achegamento require coñecer, ter en conta e anticipar, mediante procedementos dinámicos e unha xestión eficaz, as necesidades da grande comunidade de servizos e persoas que fan posible o doutoramento na USC.

A idea de comunidade de xestión é clave para entender o funcionamiento dos estudos de doutoramento, nos que os procedementos administrativos difiren dos do resto das titulacións na súa grande descentralización. Cada doutorando/a é unha titulación en si mesmo, e numerosas interaccións son precisas para proporcionar a resposta adecuada a cada situación.

Deste xeito, no nivel máis técnico, na xestión do doutoramento están involucrados e participan, en diferentes graos, varios servicios da Universidade, cos que a Escola mantén unha estreita colaboración para levar a cabo o seguemento e avaliación dos doutorandos/as dende que inician a etapa de tese ata o acto de defensa.

Podemos citar tres servizos clave: o Servizo de Xestión Académica, que tramita a admisión e matrícula, as baixas, prórrogas e diferentes situacións administrativas relacionadas co cómputo do tempo de permanencia nos estudos, ata a expedición dos títulos; o Servizo de Xestión da Oferta e Pro-

Ir ao sumario

*«Cada doutorando/a é unha titulación en si mesmo, e numerosas interaccións son precisas para proporcionar a resposta adecuada a cada situación»*

gramación Académica, que apoia na definición e aprobación da oferta dos estudos de doutoramento; e a Área de Calidade e Deseño de Procedementos. Sen esquecer a todo o persoal de apoio aos programas que dende as facultades orienta e xestiona directamente cos doutorandos/as a tese nas súas diferentes etapas.

Deste xeito, a nivel de colectivos, a EDIUS está formada polos doutorandos e doutorandas, o profesorado e unha ampla representación de persoal de administración e servizos da USC. E precisamente por abranguer os estudos de doutoramento unha comunidade tan heteroxénea de servizos e persoas, a recente actualización normativa acometida pola EDIUS ten, entre os seus obxectivos principais, afianzar as relacións entre todos os procesos, optimizando os fluxos de traballo e buscando sempre incrementar a transparencia na xestión, apoiándonos para logralo nas ferramentas TICS.

Queremos, para rematar, empregar este medio para agradecer o esforzo dos doutorandos e doutorandas por dar o mellor de si nestes tempos tan complicados, así como a todos os demais colectivos implicados na nosa labor.

Remato este artigo recalcando a apostila da Escola por mellorar as canles de comunicación e os procesos de traballo común, para lograr dar o servizo que a Universidade e os estudos de doutoramento merecen.

**Carolina López Gómez**

[ediush@usc.es](mailto:ediush@usc.es)

Xefa de Sección da EDIUS

*«A idea de comunidade de xestión é clave para entender o funcionamento dos estudos de doutoramento, nos que os procedementos administrativos difiren dos do resto das titulacións na súa grande descentralización»*

---

## Que tipo *de tese* se axusta máis aos *meus intereses*

---

**Monográfica ou por compendio de artigos?  
Mención internacional, industrial, en cotutela..?**

No arduo camiño que supón unha tese de doutoramento son moitos os pasos e decisións que se deben tomar. Unha vez determinada a temática de estudio, toca pensar no tipo de tese que se quere ou pode desenvolver: monográfica ou por compendio de publicacións. E, amais, se queremos que en calquera destes dous tipos teña mención internacional, industrial ou se faga en réxime de cotutela. O obxectivo é que o doutorando poida elixir, de xeito razoado, a modalidade e o tipo de tese que está ao alcance dos seus intereses, da súa motivación e dos seus recursos.

**Repasa as particularidades de cada proposta e  
decide como queres que sexa a túa tese.**



# *Monográfica ou por publicacións?*

Á hora de elaborar unha tese, os candidatos a doutor poden optar, en primeiro lugar, por dúas modalidades principais: **teses monográficas ou de compendio de publicacións.**

1

## TESES MONOGRÁFICAS

Unha tese de doutoramento escrita a modo de monografía é aquela estruturada en diferentes capítulos. As teses monográficas deben contar, como mínimo, coas seguintes partes:

- Resumo
- Introducción
- Obxectivos e hipóteses
- Metodoloxía
- Resultados coa súa discusión
- Conclusíons
- Bibliografía

No caso de que algúna parte da tese monográfica sexa unha reprodución parcial dalgúnha publicación derivada da investigación do doutorando, deberanse ter en conta algunas especificidades.

- a) Por unha banda, haberá que incluír, tanto no exemplar en formato PDF como no impreso da tese, a **relación de publicacións que achegan contidos**, indicando o seu factor de impacto e outros indicios de calidade.
- b) Ademais, haberá que especificar cal é a **contribución do doutorando**, no caso de que haxa máis persoas coautoras.
- c) Se na tese de doutoramento hai, parcial ou totalmente, contidos incluídos nalgunha outra publicación do doutorando, deberase facer constar a autorización da revista ou editorial.
- d) Ademais, débese facer explícito, nos **capítulos que reproducen contidos** dunha publicación do doutorando, o nome e a filiación da autoría, os nomes e filiación de todas as persoas coautoras e a súa orde, así como a referencia completa das publicacións, a editorial e o ISSN ou ISBN.

1

## TESES MONOGRAFICAS

A maiores das publicacións que achegan contido á tese, os doutorandos deberán incluír **documentos adicionais** no momento de presentar a solicitude a trámite por **sede electrónica**.

- a)** Esta documentación inclúe a aceptación, por escrito, das persoas coautoras das que o doutorando presente parte ou a totalidade das publicacións como parte da tese. Así mesmo, debe incluir unha declaración consonte a contribución feita polo doutorando é orixinal e propia.
- b)** Unha declaración, tamén por escrito, das persoas coautoras non doutoras na que se comprometen a identificar, de xeito claro e inequívoco, as contribucións do doutorando, en particular, cando estas se teñan que presentar como complemento doutra tese de doutoramento.

2

## TESES POR COMPENDIO DE PUBLICACIÓNS

Trátase dunha modalidade de tese que consiste nun conxunto de, alomenos, tres contribucións de investigación elaboradas polo doutorando durante a realización da tese.

Segundo a súa **estrutura**, unha tese por compendio de publicaciónS deberá ter coherencia por si mesma. Esta estrutura contará como mínimo con:

- Unha **introdución** na que se realice unha presentación do marco teórico sobre o tema da tese. De xeito específico, deberá contar cunha xustificación razonada da súa unidade e coherencia temática e metodolóxica.
- **Hipóteses e obxectivos** xerais e específicos que se pretenden alcanzar, indicando en que publicacións se abordan.
- Unha breve descripción das **ferramentas metodolóxicas** empregadas.
- Unha **discusión xeral** que dote de coherencia e unidade os diferentes traballos incluídos na tese. Deberá ter unha extensión mínima de 5.000 palabras (requisito obligatorio a partir do 1 de xaneiro de 2021)
- As **conclusóns** da tese.
- As **fontes** referenciadas.

Unha **copia íntegra das publicacións**. As contribucións do compendio estarán recollidas ou ben formando parte do propio corpo da tese ou ben como anexo, baixo a epígrafe ‘Traballos publicados ou aceptados’.

2

## TESES POR COMPENDIO DE PUBLICACIÓNS

Debe incluír a relación de publicacións que achegan contidos ao traballo. Deste xeito, en cada publicación ten que aparecer:

- A indicación do **factor de impacto** das revistas referenciadas (ano de publicación, posición relativa e outros indicios de calidade).
- Facer explícita a **contribución do doutorando** se hai máis persoas coautoras.
- Incluír a **autorización da revista ou editorial** para o uso da publicación na tese. De non contar coa dita autorización, o doutorando deberá prover dunha versión publicable no repositorio omitindo os contidos que carezan de autorización.
- Nos capítulos que reproducen contidos doutras publicacións, debe constar o nome e a filiación de autoría, os nomes e filiacións de todas as persoas coautoras e a súa orde, así como a referencia completa das publicacións, a editorial e o ISSN ou ISBN.

As publicacións que se achegan nas teses por compendio deben cumplir uns requisitos:

- Contar cunha aceptación definitiva ou que xa estean editadas en publicacións de ámbito e prestixio internacional con revisión anónima por pares.
- Estar recollidas en revistas de impacto recoñecido no ámbito científico, en particular, aquellas incluídas no **Journal Citation Reports** ou **Scopus**. Nas áreas nas que non sexa aplicable este criterio, poderá substituirse polas bases de datos relacionadas pola Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora, **CNEAI**.
- Polo menos unha das publicacións deberá estar no primeiro ou segundo cuartil da súa categoría. Nas grandes áreas de Arte e Humanidades e de Ciencias Sociais e Xurídicas permitirase que as contribucións sexan libros ou capítulos de libro, con selo de calidade en edición académica ou que estean incluídos en **Scholarly**.
- A contribución do doutorando nas publicacións incluídas no compendio debe ser substancial.
- Ningún dos artigos incluídos na tese poderá ser anterior á data de matriculación no programa de doutoramento no período de tutela académica.

# *Industrial, internacional, en cotutela?*

As teses de doutoramento monográficas e por compendio de artigos poden ser, segundo as mencións, de tres tipos: **industrial, internacional ou de cotutela internacional.**

1

## DOUTORAMENTO INDUSTRIAL

Para elaborar unha tese de doutoramento industrial, o doutorando, en primeiro lugar, deberá solicitar á Escola de Doutoramento a realización do seu traballo baixo esta modalidade. Xunto a esta **solicitud**, o doutorando deberá presentar:

- **Memoria do proxecto de investigación industrial.** Dita memoria deberá estar asinada polo representante da entidade (empresa privada ou pública, ou Entidade Pública) responsable da sinatura de dita memoria.
- **Copia do contrato** de traballo do doutorando coa empresa privada ou pública, ou Entidade Pública, ou certificado de vida laboral.
- **Informe da CAPD** (Comisión Académica do Programa de Doutorado) de adecuación do plan de investigación e da memoria da empresa ou entidade para a realización dun proxecto de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental. Na empresa ou na Entidade Pública, o doutorando deberá estar realizando **actividades relacionadas directamente co seu proxecto de tese.**
- De ser o caso, copia da Resolución de concesión de doutoramento industrial por convocatoria pública competitiva.

Para a **tramitación** destas teses haberá que ter en conta os seguintes pasos:

- A Escola de Doutoramento emitirá, ou non, o visto e prace á memoria. No caso de que a memoria teña o visto e prace da Universidade, e nela se estableza unha colaboración entre a empresa ou Administración Pública e a Universidade, **deberá celebrarse un convenio** entre empresa e USC.
- O doutorando, mentres estea contratado para realizar o proxecto de investigación industrial ou desenvolvemento experimental, **deberá realizar a súa tese** necesariamente baixo a modalidade de **tempo completo**. Permitírse realizala a tempo parcial nos casos indicados no artigo 23.2, apartados b) e c), do **Regulamento de Estudos de Doutoramento**.

1

## DOUTORAMENTO INDUSTRIAL

Por último, para acadar a finalización do procedemento, haberá que ter en conta que:

- No momento de presentar a tese e a solicitude de depósito e defensa, o doutorando deberá achegar os seguintes documentos, xunto co resto da documentación necesaria:
  1. **Solicitud** de defensa da tese baixo a modalidade **doutoramento industrial**.
  2. **Acreditación** de que o doutorando **estivo contratado pola empresa** como mínimo durante un 50% do tempo do período de matrícula da tese.
  3. **Memoria final da empresa** sobre o desenvolvemento e resultados do proxecto de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental.

2

## DOUTORAMENTO INTERNACIONAL

O doutoramento internacional é unha mención que se inclúe no anverso do título de doutor, sempre e cando se cumpran uns requisitos:

1. Que durante a etapa de realización da tese, o doutorando realizase unha estadía mínima de tres meses fóra de España, nunha institución de ensino superior ou centro de investigación de prestixio, cursando estudos ou realizando traballos de investigación relacionados coa súa tese. Non se considerará como estadía a efectuada no seu país de residencia ou na institución onde traballa. A estadía e as actividades deben ser avaladas pola dirección da tese e autorizadas previamente pola CAPD, e serán incorporadas polo doutorando no seu documento de actividades. A estadía poderá realizarse en períodos descontinuos nunha ou varias institucións cunha duración mínima de quince días cada unha.
2. Que parte da tese, polo menos o resumo e as conclusións, sexa redactada e presentada nunha das linguas habituais para a comunicación científica, distinta a calquera das linguas oficiais ou cooficiais en España.
3. Que un mínimo de dúas persoas expertas doutoras pertencentes a alguma institución de educación superior ou instituto de investigación non española emitan un informe favorable sobre a tese.
4. Que polo menos unha persoa experta pertencente a alguma institución de educación superior ou centro de investigación non español, co título de doutor, e distinta da persoa responsable da titorización da estadía mencionada no apartado a), forme parte do tribunal avaliador da tese.

2

## DOUTORAMENTO INTERNACIONAL

Cando un doutorando queira solicitar a defensa da súa tese, ademais da documentación xeral, debe presentar outros documentos para obter a mención de doutor internacional:

- Certificado acreditativo de ter realizada unha estadía mínima de tres meses nun centro de investigación ou de educación superior dun país distinto de España.
- Copia da autorización da realización da estadía por parte da Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD), avalada polo director da tese.
- **Informe favorable da tese** por dous expertos doutores pertencentes a algúna institución de educación superior ou instituto de investigación non española.

3

## CONVENIOS DE COTUTELA INTERNACIONAL

A tese en cotutela consiste na participación de dúas universidades, a USC e outra universidade estranxeira, na elaboración do traballo de investigación. Lévase a cabo mediante a dirección conxunta da tese de polo menos un director pertencente a cada unha das universidades participantes, previo establecemento dun convenio.

O obxectivo da cotutela é establecer unha colaboración entre grupos de investigación das universidades colaboradoras, favorecendo a mobilidade dos doutorandos.

Na USC, a cotutela atópase regulada no artigo 40 do Regulamento de Estudos de Doutoramento ([DOG de 16 de setembro de 2020](#))

A cotutela formalizarase mediante o establecemento dun convenio marco entre ambas universidades, e outro específico para cada doutorando. O convenio debe subscribirse durante o primeiro ano de matrícula do doutorando na USC.

### Obrigas do doutorando en cotutela:

1. Matricularse anualmente, durante a realización da tese, en cada unha das universidades participantes, cumplindo cos requisitos académicos en cada unha.
2. Realizar unha estadía de investigación de polo menos seis meses en cada unha das universidades participantes.
3. Informar á EDIUS dos cambios nas condicións de realización do seu traballo que afecten ao contido no convenio específico: dirección da tese, título do traballo, tempo de permanencia nos estudos de doutoramento, etc.

3

## CONVENIOS DE COTUTELA

### **Defensa da tese:**

A tese en cotutela será obxecto dunha **única defensa nunha das dúas universidades**, cun tribunal composto de, polo menos, un membro de cada unha delas. Os directores poderán formar parte do tribunal, se así se determina no convenio, mais nunca exercendo a presidencia do mesmo.

O membro do tribunal pertencente á USC actuará como delegado da USC no acto de defensa das teses que se realicen fóra da Universidade de Santiago.


Se tes algunha dúbida:

**edius@usc.es**





# Como che vai na túa estadía?



**Alberto Puga**

Inxeñería Química e Ambiental

## Na miña tese:



Considero que o enriquecimento que supón a nivel persoal unha estadía é xustificación para realizala, pero neste caso tamén foi moi produtiva no relacionado coa investigación. Tendo en conta que o CEB ten unha orientación más cara a parte 'bio' mentres que o meu grupo de investigación vai más cara a parte química, permitiúme ter unha visión do problema dende dúas perspectivas lixeiramente distintas. No meu caso particular, traballo con lignina para acadar produtos por medio de modificacións químicas e, partindo de que a lignina é unha materia prima de orixe biolóxica, no CEB ensináronme novas técnicas para caracterizar este tipo de productos.

## Na miña vida:

Tiña un gran interese en realizar esta estadía de investigación no Centro de Enxeñaría Biológica (CEB) da Universidade de Minho, sen embargo a data de inicio programada coincidiu coa explosión da pandemia en Europa, polo que se tivo que posponer. Inicialmente planeamos retrasala unhas semanas, pero a medida que veía a magnitude que estaba tomando a pandemia, iba aumentando a miña incerteza sobre a posibilidade de realizar esta estadía, incerteza que se acrecentaba pola falta de estudos sobre as medidas óptimas de prevención e sobre os efectos na saúde da Covid. Finalmente, programouse para o 1 de setembro até o 31 de outubro. Nestas datas xa existía unha maior información da pandemia e ademais Portugal rexistraba uns datos considerablemente mellores que España polo que, unido a que xa coñecía previamente o CEB, permitiúme realizar esta estadía con relativa tranquilidade. Debo agradecer a todo o persoal do CEB a acollida que tiñen, en especial á miña supervisora, Michele Michelin que pola súa axuda e o seu trato cercano logrou que tivese un sentimento de pertenenza ao CEB equiparable ao de levar anos alí.



### Soraya Learte

Química biológica

O meu nome é Soraya Learte, son de Sagunto, Valencia. Estudei a carreira de biotecnología na Universidade Politécnica de Valencia e, tras isto, mudeime a Santiago para comezar a miña tese doutoral no grupo de investigación do profesor José Luis Mascarñas, no centro de investigación CiQUS. No noso grupo traballamos na fronteira entre a química e a biología, nunha rama chamada química biológica. Concretamente, a miña tese centrarse no deseño de péptidos e miniproteínas e o seu estudio en diferentes aplicacións da química biológica como é a unión ao ADN, a interacción con outras proteínas ou a catálisis intracelular.

Este ano é o meu último ano de tese e, actualmente, estou a facer unha estadía de investigación no estranxeiro, no grupo do profesor Roman Jerala en Ljubljana, Eslovenia. Este grupo de investigación más biológico traballa no estudo da biología sintética e a inmunología molecular.

**Na miña tese:**  
O meu traballo aquí baséase nos nosos coñecementos previos sobre péptidos, derivados de proteínas naturais, capaces de unir ao ADN, nos cales fun traballando durante estes anos. Concretamente, estou a estudar sintetizando e implementando sistemas de expresión celular que poidan controlar a expresión de certos xenes.



### Na miña vida:

A experiencia da estancia é inmejorable, non só a nivel académico onde podes aprender novos coñecementos, técnicas e metodoloxías, senón tamén a nivel persoal onde compartes laboratorio con xente doutros países, coñeces novas culturas e melloras as túas habilidades en inglés. Persoalmente, o traballo de laboratorio está a funcionar moi ben, con bons resultados, o ambiente de traballo é moi bo, con compañeiros que sempre están dispostos a axudar e, ademais, estou a ver como funciona outro laboratorio collendo novas ideas que levarei sen dúbida a Santiago. Por outra banda, o país e a cidade son preciosos e moi descoñecidos, e a pesar desta situación na que nos atopamos debido ao coronavirus, fixen novos amigos e amigas cos que puiden visitar moitas cidades, vilas e paraxes naturais indescritibles, e gozar creando recordos inesquecibles.

*Gustariáme animar a todos os doutorandos e doutorandas a realizar, se lles é posible, unha estadía en calquera laboratorio fóra do noso país. Non se arrepentirán.*

## Elena Guerreira Labrador



*...recomendaría sen ningunha dúbida unha estadía na Universidade do Minho. Eu inscribinme a través do programa de acollida de “estágios científicos avanza-dos” dentro do Instituto de Letras e Ciências Humanas (ILCH). A miña candidatura foi aprobada en xullo de 2020, e en outubro xa estaba instalada en Braga. Dende decembro de 2019 estiven xa en contacto coa doutora Margarida Esteves Pereira, quen se mostrou especialmente decidida a tutelar o meu ‘estágio’. Despois desta experiencia, quedo con gañas de ter algunha estadía máis ao longo do meu doutoramento. Obrigada!*

No ámbito do impacto da estadía na miña investigación, convén resaltar que aquí participo nun grupo de investigación chamado GAPS (Género, Artes e Estudos Pós-coloniais), que forma parte do Departamento de Estudos Ingleses e Norteamericanos. É un grupo cuns intereses moi similares aos do meu grupo de referencia na USC, que é Discurso e Identidade, do Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá. Como investigadora da área de literatura inglesa, podo dicir que o meu desenvolvemento na Universidade do Minho foi moi proveitoso, porque puiden participar en seminarios e clases nos que describín a temática da miña tese de doutoramento, centrada na análise da narrativa breve da autora escocesa contemporánea Jackie Kay. Recibín feedback construtivo nestas sesións, e teño moito que agradecer á miña supervisora do grupo GAPS, a Doutora Margarida Esteves Pereira. Ademais, fago mención á dona da casa na que vivo, a Doutora Orquídea Cadilhe, que tamén pertence ao grupo GAPS e que me acolleu con todo agarimo estes meses no seu fogar.

No eido persoal, a miña estadía predoutoral na Universidade do Minho está a ser unha auténtica marabilla. Por cuestiós persoais, levaba unha longa tempada vivindo coa miña familia, e esta aventura supuxo a miña volta á autonomía nunha nova casa. Braga é unha cidade fantástica, que, a pesares da pandemia, puiden disfrutar con xente que coñecín aquí de diferentes países. A cultura portuguesa é moi admirable en todos os sentidos, caracterizada polo respeito e a humildade. Por proximidade coa miña cidade de orixe, Vilagarcía de Arousa, coñecía ben o norte de Portugal, pero vivir durante uns meses no noso país veciño foi un soño feito realidade. Ademais, aínda que non son estudiante do ámbito Erasmus doutoramento, coincidín con xente deste programa de mobilidade nos estudos de postgrao, así que tamén puiden compartir coñecementos e vivencias.

### Na miña tese:



### Na miña vida:

**Alicia L. Bruzos**  
Medicina Molecular



**Na miña vida:**

Nun mundo cada vez máis globalizado, a mobilidade internacional é imprescindible para os investigadores polo que nunca deixei escapar oportunidades que me permitisen mudar de laboratorio e coñecer outras maneiras de facer ciencia. As nosas publicacións falan do noso traballo pero as estadías falan da nosa preparación e capacidade colaboradora.

A miña primeira estadía, financiada polo Ministerio de Ciencia, fíxena no *Pacific Northwest Research Institute* (EEUU) onde aprendín sobre edición xenómica da man do investigador que descubriu os cancros transmisíbeis en bivalvos. Un ano máis tarde, financiada por un proxecto *AssemblePlus* investiguei na *National University of Ireland Galway* (Irlanda) os cancros contaxiosos da rexión. Aprendín a buscar alternativas a sinxelas tarefas que realizaba na USC pero que alí non podía facer por falta de material, ademais, trouxen unha ampla colección de mostras irlandesas para o biobanco do meu laboratorio.

**Na miña tese é:**

Tras estas experiencias previas e con menos dun ano de tese por diante, nuns días volarei a Corea do Sur para interactuar cos nosos colaboradores do *Korea Advanced Institute of Science and Technology* e axilizar uns algoritmos bioinformáticos nos que levamos meses traballando. Nesta ocasión solicitei unha bolsa de viaxe á *Boehringer Ingelheim Fonds* para poder cubrir os gastos co que aprendín a escribir e defender un proxecto, habilidades que de seguro me serán útiles nun futuro.

*As razóns polas que facer estadías no estranxeiro poden ser moitas, dende cumplir o requisito para a mención internacional ata descubrir un campo de investigación diferente ou poñer a guinda á tese cun novo enfoque. que si vos aconsello se estades a planificar unha estadía é facela con financiación, hai moitas becas e fundacións, só hai que navegar un pouco pola rede para atopalas.*

[Ir ao sumario](#)

**EDIUS NOVAS**

## COVID-19

### As mans que están detrás do xel das mans

Doutorandos de diversos programas da USC encargáronse da producción de xel sanitizante destinado a abastecer a sanidade pública. Foi posible grazas ao proceso de transformación e adaptación da planta piloto da que dispón o Departamento de Enxeñaría Química na Escola Técnica Superior de Enxeñaría da USC.



De esquerda a dereita: Jacobo Gómez González, Carlos Alberto Pena Puga, Pablo Cajaraville Ares, Clara López Iglesias, Rubén Prieto Díaz, Andrés Arribas Domingo e Juan Correa Chinea.

Doutorandos de diversos programas da Universidade de Santiago participaron na producción de xel sanitizante destinado a abastecer a sanidade pública por mor da crise da Covid-19. Trátase dun material imprescindible na denodada loita emprendida para frear a expansión da Covid-19 entre a sociedade e, nomeadamente, entre os profesionais sanitarios e demais persoal que se atopa na primeira liña de batalla contra o coronavirus.

[Ir ao sumario](#)

*No primeiro trimestre de 2020 a USC transferiu o seu procedemento de produción do xel sanitizante a outras catro universidades españolas (Granada, Almería, Cantabria e Politécnica de Valencia) así como ás de Verona (Italia), Surrey e Edimburgo (Reino Unido) e á Universidade Católica de Perú*

A produción deste xel, que se efectúa cunha base de etanol ou alcohol isopropílico, comezou no mes de marzo de 2020, aos poucos días de decretarse o estado de alarma e foi posible grazas ao proceso de transformación e adaptación da planta piloto da que dispón o Departamento de Enxeñaría Química na Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Santiago.

Os lotes de xel foron fabricados e distribuídos durante o confinamento en envases de medio litro nos centros sanitarios que o necesitaron. Na actualidade seguen fabricándose lotes de xel cando é necesario para a súa distribución nas dependencias da USC.

Foi no primeiro trimestre de 2020 cando a USC transferiu o seu procedemento de produción do xel sanitizante a outras catro universidades españolas (Granada, Almería, Cantabria e Politécnica de Valencia) así como ás de Verona (Italia), Surrey e Edimburgo (Reino Unido) e á Universidade Católica de Perú. Estas institucións interesáronse pola iniciativa da universidade compostelá que, por aquel entón, xa puxera a disposición da administración autonómica galega arredor de 5.000 botellas do xel.

O reitor da USC, Antonio López, mostrou desde o principio a súa satisfacción polo proxecto e explicou que a fabricación destas solucións por parte da USC encádrase no marco da “liña de máxima colaboración que mantén a USC coa Xunta e coas autoridades sanitarias desde o comezo dunha situación excepcional” como é a pandemia pola Covid-19.

Xa no pasado mes de marzo, a USC puxo o know how do proceso de produción do *xel sanitizante* a disposición de todas as universidades ou institucións interesadas, co único requisito de que o destino fose fornecer os sistemas públicos de saúde, “nunca con fins comerciais”, tal e como apuntou no seu día o vicerreitor de Planificación, Tecnoloxías e Sustentabilidade da Universidade de Santiago de Compostela, Gumersindo Feijoo Costa.

O equipo científico que se ocupou nunha primeira fase da produción deste tipo de xeles estaba integrado por PDI e PAS da ETSE, Facultade de Farmacia, Facultade de Química e Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares, así como de CRETUS.

Os doutorandos da USC que participaron neste proxecto son Jacobo Gómez González (doutorando Ciencia e Tecnoloxía Química), Carlos Alberto Pena Puga (Enxeñería Química e Ambiental), Clara López Iglesias (Investigación e Desenvolvemento de medicamentos), Rubén Prieto Díaz (Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos), Andrés Arribas Domingo (Ciencia e Tecnoloxía Química), María Vivero López (Investigación e Desenvolvemento de medicamentos), Andrea Luaces Rodríguez (Investigación e Desenvolvemento de medicamentos). Ademais destes estudiantes de doutoramento, participaron Pablo Cajaraville Ares (EHS Manager: CiQUS - Environmental, Health and Safety Office) e Juan Correa Chinea (Post doutoramento: CIQUS).

**EDIUS** **NOVAS**

## Xornada sobre os cambios no regulamento

Os cambios fectan ós nomeamento e cambios da dirección, tramitación de estadías, cómputo de tempo, prazos para cursar os complementos de formación, ó idioma e ó formato no que se debe presentarse, entre outras moitas cuestiós de importancia.



[Resumo dos cambios](#)



[Regulamento en galego](#)




[Regulamento en español](#)

*A nova normativa foi publicada no Diario Oficial de Galicia o 16 de setembro de 2020. É moi recomendable, como xa suxeriamos no nEDIUS nº1, facer unha lectura pausada dos documentos que se enlazan porque neles están as pautas que debemos ter en conta durante a realización da tese.*

*Na EDIUS elaboramos un documento propio no que resumimos as principais modificacións do novo regulamento, pero ante calquera dúbida o mellor é acudir ó regulamento completo ou consultar coa persoa que coordina o teu Programa. Se aínda así non che queda claro, podes enviar un correo electrónico á EDIUS formulando a consulta.*

[Ir ao sumario](#)



María Esperanza Valero Fandiño, xefa de Negociado de Estudos de Doutoramento da EDIUS, impartiu o 17 de decembro unha xornada informativa para o estudiantado co obxectivo de falar sobre os cambios no regulamento que están afectando aos procesos na etapa de tese. Case trescentas persoas asistiron, a través da plataforma virtual Microsoft Teams, a esta xornada na que se fixo fincapé nas excepcionais circunstancias que tamén o mundo universitario está a vivir pola pandemia da Covid-19 e os cambios aos que houbo que fazer fronte para adaptarse ás novas circunstancias.

Ao longo de máis dunha hora, Valero, que tamén estivo acompañada polo director da Escola de Doutoramento Internacional da Universidade de Santiago, Pablo Taboada, explicou a través dun [diagrama](#), cales son os pasos que os doutorandos deben seguir para presentar o seu traballo de investigación, que poderá ser presencial, semi presencial ou telemático. Ademais, analizou os diferentes [tipos de investigacións](#) de doutoramento que existen e os seus requisimentos.

**EDIUS** NOVAS

## O 4 de febreiro ábrese o prazo do segundo período de admisión nos programas de doutoramento

O próximo dia 4 de febreiro ábrese o prazo para presentar solicitudes de admisión nos programas de doutoramento que quedaron con prazas vacantes da oferta ordinaria para o curso 2020-2021. O período de matrícula será de tan só unha semana, a partires do día 25 de febreiro.

O calendario é o que segue:

### Solicitud de admisión

4 - 8 febreiro 2021

### Publicación da lista provisional

12 febreiro 2021

### Reclamacións á lista provisional

13 – 18 febreiro 2021

### Publicación da relación definitiva

24 febreiro 2021

### Segundo período de matrícula

25 febreiro - 1 marzo 2021

**A USC adhírese a *The Conversation*, plataforma mundial de divulgación do coñecemento**

O persoal docente e investigador e o alumnado de doutoramento da USC poderán escribir na plataforma divulgativa '[The Conversation](#)' España (TCES) sobre asuntos relacionados co seu campo de especialización. O acordo selado entre ambas as dúas institucións permitirá o acceso á principal canle mundial de difusión do coñecemento que emana das universidades. Nada en Australia, 'The Conversation' conta con edicións en Estados Unidos, Reino Unido, Canadá, Francia, Indonesia e África, ademais da edición en español, que se lanzou no verán de 2018 e en apenas dous anos publicou máis de 3.300 artigos e logrou máis de 95 millóns de lecturas, sumando a audiencia da súa web e a republicación dos artigos nuns 200 medios de comunicación españoles e latinoamericanos.

Coñece máis desta iniciativa a través [deste enlace](#) ao xornal da USC.

 Ir ao sumario

**EDIUS** **NOVAS**

## Convenio coa Fundación José Otero-Varela Martínez para becar a estudiantes de doutoramento

A USC e a Fundación José Otero-Carmela Martínez asinaron un convenio de colaboración para a posta en marcha dunha convocatoria de Axudas para o Fomento da Investigación, a través de estudos de doutoramento, para estudiantes con poucos recursos económicos. Subsidiariamente, no caso de vacantes, tamén se poderían financiar axudas para os estudios de máster. Actualmente, estanse a ultimar os detalles da primeira convocatoria, que será publicada nas vindeiras semanas no Taboleiro Electrónico da USC e na web da EDIUS.

## Próxima convocatoria de axudas *Cesar Oro García e José García Oro*

A Escola de Doutoramento está a preparar a convocatoria de Axudas “César Oro García y José García Oro” froito dunha doazón da familia Oro á USC. A finalidade destas axudas será axudar a cubrir os costes de accións de mobilidade realizadas durante o período de formación para a asistencia a congresos e reunións científicas, estadías curtas de investigación en outros centros, arquivos e bibliotecas dos/das doutorandos/as das áreas de coñecemento de Filoloxía, Xeografía e Historia para os que non contan con recursos específicos. Está previsto que nas vindeiras semanas se publique a convocatoria no Taboleiro Electrónico da USC e na web da EDIUS.

## No doutoramento internacional, as estadías virtuais non computan

No caso de que a institución elexida coma primeira opción para a estadía non acepte investigadores recoméndase que o doutorando/a pospoña a estadía prevista ou a desenvolva nun centro alternativo. O pasado día 2 de decembro celebrouse virtualmente unha nova Conferencia de Directores de Escolas de Doutoramento das universidades españolas. Nesta Conferencia puxérонse en común distintos escenarios e procedementos de actuación derivados da pandemia da COVID-19, entre eles as denominadas estadías virtuais.

A grande mayoría das universidades, entre elas a USC, acordaron non habilitar esta modalidade de estadía mentres sexan posibles os desprazamentos entre países e os centros de investigación estranxeiros estean operativos. No caso de que a institución elexida coma primera opción para a estadía non acepte investigadores, recoméndase que o doutorando/a pospoña a estadía prevista ou a desenvolva nun centro alternativo. Esta opción únicamente será válida para aqueles doutorandos/as que estean a piques de rematar a súa tese, tiveran previsto optar á mención internacional (reflectido no seu plan de investigación), e non teñan outros centros alternativos ao considerado para a realización da súa estadía debido a especificidade da investigación a desenvolver.

A Escola de Doutoramento Internacional, co previo informe favorable da Comisión Académica do Programa de Doutoramento, poderá autorizar o desenvolvemento dunha estadía virtual.

 [Ir ao sumario](#)

**EDIUS** NOVAS

## A Escola de Doutoramento abre en Linkedin o seu primeiro perfil en redes sociais

A iniciativa de relacionarse a través das redes sociais será más forte cantas más persoas se integren e participen. Podedes seguirnos a través [deste enlace](#).



**«Linkedin reforza a nova forma de comunicación da EDIUS para relacionarse con todas as persas que forman a comunidade de doutoramento»**

A Escola de Doutoramento Internacional da Universidade de Santiago (EDIUS) creou recentemente un [perfil](#) na rede social de ámbito profesional LinkedIn co obxectivo de espallar os seus contidos pola comunidade investigadora e universitaria de todo o mundo.

Con este perfil en redes sociais, a EDIUS quere reforzar a nova forma de comunicación e difusión da información desta escola de doutoramento. Esta iniciativa vai dirixida a todas as persoas que forman parte da EDIUS. Desde o equipo de coordinación de cada programa de doutoramento até o persoal administrativo, pasando polo profesorado do programa, os doutorandos, directores de tese, titores, entre outros perfís profesionais.

No perfil de LinkedIn da EDIUS, os seguidores poderán atopar material de utilidade como a mini guía sobre os pasos para elaborar unha tese de doutoramento ou información sobre como a pandemia pola Covid-19 está afectando a estes traballos.

Ir ao sumario

**EDIUS** NOVAS

## Curso de introdución á xestión da investigación, en Hamburgo

A compañía Tutech Innovation, filial do sector privado da [Universidade Tecnolóxica de Hamburgo](#) e da Cidade de Hamburgo, promove o curso ‘ReMaT - Formación en Xestión da Investigación para Investigadores Principiantes’, que se impartirá na cidade xermana os días 18 e 19 de febreiro de 2021.

Esta formación está especialmente dirixida aos doutorandos a partir do segundo ano. ReMaT é un taller interactivo e intensivo que proporciona unha introdución á xestión da investigación. O curso será en inglés. Os módulos do taller abranguen a explotación dos coñecementos e o espírito empresarial, a adquisición de subvencións, os dereitos de propiedade intelectual e a xestión de proxectos interdisciplinarios.

A formación intentará desafiar aos participantes a considerar diferentes perspectivas sobre a maneira en que poderían utilizar a súa educación de doutorado en distintas carreiras e convencer a outros de que os contraten. ReMaT invita aos estudiantes de doutorado e aos post doutorados en ciencias naturais, medicina e enxeñería de calquera institución de investigación ou universidade a presentar a súa candidatura para unha das 25 prazas.

As persoas interesadas teñen toda a información no [seguinte link](#).

## Aberto o plazo para a modificación dos Programas de Doutoramento

Ata o 29 de xaneiro do 2021 está aberto o prazo para a solicitude de modificación nos programas de doutoramento que, de ser aprobadas, entrarían en vigor no curso 2022-23. Dende a EDIUS preténdese unificar, na medida do posible, para todos os PD os criterios relativos a: requisitos de acceso e admisión, actividades formativas e procedementos de seguimento do alumnado.

## Premio hispano-alemán ‘Eduardo de Hinojosa’ para teses sobre ciencias xurídicas

O Instituto Español de Ciencias Histórico Xurídicas, en colaboración coa Academia Saxona de Ciencias (Leipzig, Alemaña), convoca o Premio hispano-alemán Eduardo de Hinojosa á Mellor Tese Doutoral para dúas teses de doutoramento, unha defendida nunha universidade española e outra nunha universidade xermana, que impulsen a investigación de excelencia en ciencias xurídicas.

A convocatoria da segunda edición do Premio quedou suspendida debido á situación de crise orixinada pola COVID-19, polo que poderán participar nesta nova convocatoria aqueles traballos de investigación que foran lidos durante os cursos académicos 2018/19 e 2019/20 que reúnan os requisitos esixidos. O prazo de presentación de solicitudes finaliza o vindeiro 1 de marzo de 2021. Máis información, aquí.

 Ir ao sumario

**EDIUS** | **NOVAS**

## Bolsas do *Centro Nacional de Biotecnoloxía e de La Caixa* orientadas a novos talentos investigadores

A Fundación *La Caixa* e o *Centro Nacional de Biotecnoloxía* (CNB), centro de excelencia Severo Ochoa, ofrecen 35 prazas dentro do programa *INPhINIT Incoming la Caixa*. Este programa de bolsas de doutoramento está destinado a atraer a novos talentos investigadores, de calquera nacionalidade, que desexen realizar estudos de doutorado en territorio español ou portugués.

As bolsas de doutoramento INPhINIT ofrecen un salario competitivo e oportunidades complementarias para a capacitación en habilidades transversais (mediante sesións de formación anuais), estancias temporais na industria, incentivos ao finalizar a tese e un conxunto de aspectos que sitúan estas bolsas entre as más atractivas e completas de Europa.

### *INPhINIT Incoming*

O doutorado *INPhINIT Incoming* oferta un total de 35 bolsas de doutorado, 10 das cales están promovidas polo CNB. Son axudas para investigadores que queiran realizar o seu proxecto de doutoramento en centros de investigación acreditados cos distintivos Severo Ochoa ou María de Maeztu, Institutos de Investigación Sanitaria Carlos III ou unidades portuguesas cualificadas como “excelentes” ou “excepcionais” pola Fundación para a Ciéncia e a Tecnología. Esta modalidade de bolsas céntrase exclusivamente nas disciplinas STEM: ciencias da vida e a saúde, ciencias experimentais, física, química e matemáticas.

Para investigar en institucións españolas, os candidatos deben ter residido durante menos de 12 meses nos últimos 3 anos en España. Para as institucións portuguesas, os candidatos deben ter residido en Portugal durante menos de 12 meses nos últimos 3 anos.

### *INPhINIT Retaining*

Ademais das *INPhINIT Incoming*, tamén se ofertarán 30 bolsas de doutorado da modalidade *INPhINIT Retaining*, con axudas para investigadores que queiran realizar o seu proxecto de doutoramento en calquera ámbito de investigación e calquera universidade ou centro de investigación en España ou Portugal.

**35 prazas para realizar estudos de doutorado en territorio español ou portugués.**

**O 4 de febreiro péchase o prazo. A información e requisitos, [aquí](#).**

**O 25 de febreiro pecha a convocatoria. A información, [nesta páxina](#).**

 [Ir ao sumario](#)



 catro  
cousas

Cal debería ser o límite de tempo  
para facer unha tese?

Responder pregunta





catro  
cousas

Os resultados:



## Como afecta a covid-19 á túa tese?

Os resultados non son representativos porque a participación na enquisa foi moi reducida.

Das/os que respondieron, a mayoría di que sen a pandemia a súa tese sería hoxe mellor (69,2%), aínda que non afectou ao seu tema ou resultados de investigación porque non se introduciu na investigación ningún aspecto relacionado coa covid-19 (84,6%).

Cando se pide que cuantifiquen do 1 (todo segue igual) a 10 (todo mudou) como está afectando ao pandemia á tese de doutoramento, a moda é 6 e a media 7,46.


7,46



- Mellor
- Peor
- Igual
- No lo sé

Ir ao sumario

# Formación



## Actividades Xaneiro 2021

### Módulo: Competencias en análisis de datos e modelización

BLOQUE BÁSICO (Programados en R)

#### Introducción a R, estadística e visualización

Presencial en Santiago e sincrónico (TEAMS)

12, 14, 19 e 21 de xaneiro de 2021 Matrícula do 14 ao 23 de decembro

#### Introducción a R (Lugo)

Presencial en Santiago e sincrónico (TEAMS)

12 e 14 de xaneiro de 2021 Matrícula do 16 ao 23 de decembro

#### Introducción á regresión

Presencial en Santiago e sincrónico (TEAMS)

2, 4, 9 e 11 de febreiro de 2021 Matrícula do 11 ao 22 de xaneiro

#### Introducción á programación de análisis empíricos con R

Online: 25, 27 e 28 de xaneiro de 2021

Matrícula do 11 ao 21 de xaneiro

### Módulo: Competencias en comunicación, divulgación

#### Recursos e fontes de información para a investigación


Presencial: 24 de febreiro e 3 de marzo de 2021/ Online: 8 de febreiro-8 de marzo de 2021 Matrícula: do 25 ao 29 de xaneiro

#### Divulgación e visibilidade social da investigación

18, 26 e 27 de xaneiro de 2021 Matrícula do 8 ao 17 de xaneiro

 Ir ao sumario

# Formación



## Actividades Xaneiro 2021

**Módulo: Competencias en análise de datos e modelización  
(Artes e Humanidades, CC Sociais e Xurídicas)**

### Metodoloxía en investigación social (Nivel Avanzado) ➔

10, 11 e 12 de febreiro de 2021

Matrícula do 27 de xaneiro ao 3 de febreiro

**Módulo: Tratamento e modelización da información territorial**

### Introducción ao manexo e visualización de datos espaciais con R ➔

19, 20, 21, 26, 27 e 28 de xaneiro 2021


